

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de xaneiro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día nove de xaneiro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE SETEMBRO-DECEMBRO DE 2014. EXPTE. 103023/301.

Mediante providencia de data 23.11.14, cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de setembro a decembro de 2014, que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 2310 / 2014

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
29/10/14	MANTEMENTOS UBAS	2120000	201400073960	2.000,00	VARIOS
04/12/14	MANTEMENTOS UBAS	2120000	201400083279	1.750,00	VARIOS
04/12/14	REPARCIÓNS NO ALBERGUE	2120002	201400083278	2.000,00	VARIOS

16/12/14	OBRAS NUCLEO DUCHAS E ASEO NO ALBERGUE	2120002	201400085549	19.481,00	MARS, Mantenimiento, Recuperacion y Servicios, SCG
15/12/14	MANTENIMIENTO INSTAL. CALEFACCIÓN ALBERGUE	2130001	201400086823	1.340,00	VARIOS
24/10/14	CORREO E MENSAXERIA	2230000	201400071372	4.000,00	VARIOS
20/11/14	CORREO E MENSAXERIA	2230000	201400077782	6.000,00	VARIOS
15/12/14	CORREO E MENSAXERIA	2230000	201400086476	2.000,00	VARIOS
10/10/14	INFORMES AVALIACIÓN VIVENDAS	2270600	201400067163	4.900,50	ORLANDO ABILDUA CAPETILLO
15/12/14	INFORMES AVALIACIÓN VIVENDAS	2270600	201400084857	4.900,50	ORLANDO ABILDUA CAPETILLO
13/10/14	EMISIÓN TARXETAS AXUDAS SOCIAIS	2279900	201400068849	1.000,00	CAIXABANK ELECTRIC MONEY, EDE. S.L.
25/11/14	CREACIÓN MÓDULO AXUDAS EMERXENCIA	2279900	201400074978	21.700,14	AULA INFORMATICA DE GALICIA SL
19/12/14	APLICACIÓN INFORMATICA AEFAS 2015	2279900	201400090360	9226,25	AULA INFORMATICA DE GALICIA SL.
25/09/14	DESEÑO, IMPRESIÓN PROGRAMAS PLDA	2279906	201400064035	4.228,83	JULINDA MOLARES CARDOSO
24/10/14	22 OBRADOIROS SENSIBILIZACIÓN PLDA	2279906	201400070772	6.600,00	VARIOS
24/10/14	42 OBRADOIROS NON PASA NADA PASA	2279906	201400070773	12.600,00	VARIOS
24/10/14	9 CHARLAS MAIS QUE UN TEITO	2279906	201400070774	1.125,00	VARIOS
14/11/14	8 TALLERES NON PASA NADA	2279906	201400076355	2.400,00	ASOC. ALBORADA
14/11/14	TALLER DE INFORMACIÓN SENSIBILIZACIÓN	2279906	201400076356	300,00	ASOC. ERGUE
14/11/14	5 CHARLAS MAIS QUE UN TEITO	2279906	201400076357	625,00	ASOC. ERGUETE
13/11/14	TRADUCCION PROGRAMAS PLDA	2279906	201400077107	1.726,44	INTERLINGUA TRADUCCIONS, S.L.
19/12/14	IMPRESIÓN CATALOGOS PARA FORMADORES	2279906	201400086931	1.200,00	JULINDA MOLARES CARDOSO
19/12/14	40 OBRADOIROS PREVENCIÓN	2279906	201400086975	12.000,00	ASOC. ALBORADA
01/10/14	PROXECTO LUDICO APOIO APRENDIZAXE COA INFANCIA	2279907	201400065668	6.000,00	ASOC. ABERTAL
06/10/14	PROGRA. PSICOPEDAGOXICO LUDO-PAM	2279907	201400066213	8.629,50	PLAN COMUNITARIO DE TEIS
25/11/14	AMPLIACIÓN MÓDULO AEFAS	2279907	201400074977	11.000,00	AULA INFORMATICA DE GALICIA SL
06/10/14	TEATRO E CONTACONTOS CAMPAÑA "IMPÓRTANOS"	2279909	201400067080	4.000,00	VARIOS
25/11/14	NOVA NECESIDADES MÓDULO AEFAS	2279917	201400074979	3.999,00	AULA INFORMATICA DE GALICIA SL

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

2.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2014. EXPTE 1901/334.

Mediante providencia de data 26.12.14, co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31.^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, a concelleira-delegada dá conta da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística no mes de decembro de 2014, que son os seguintes:

Expediente	1872-334. Actuacións varias
Decreto concelleira	data 1 de decembro de 2014
Informe Intervención	RC 82707
Adxudicatario	As Maimiñas
Importe	7.792,40 euros

Expediente	1887-334. Actividades de dinamización para poboación infantil e xuvenil
Decreto concelleira	data 19 de decembro de 2014
Informe Intervención	RC 88101
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	5.815,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3.- PROPOSTA DE ADSCRICIÓN DO CENTRO DE ARTE FOTOGRÁFICA AO AREA DE CULTURA. EXPTE. 7556/307.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 29.12.14, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda, que di o seguinte:

No ano 2010, o Concello de Vigo asinou un Convenio de Colaboración co Ministerio de Cultura, aprobado en Xunta de Goberno de 28 de maio de 2010, polo que se regulaba unha subvención nominativa por importe dun millón de euros, que outorgaba o referido Ministerio a favor do Concello de Vigo para a creación do “Centro de Arte Fotográfico”.

Con data 9 de agosto de 2010, iniciouse o expediente de contratación para a licitación do proxecto da primeira fase da construción do “Centro Galego de Fotografía”, por un importe de novecentos setenta e oito mil oitocentos setenta e oito (978.878,00 €). As características deste proxecto quedan descrita no proxecto redactado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo, que prantexa a construción do Centro Galego de Fotografía no inmovible situado na rúa Alta, 18, esquina Chao, dispoñendo de soto, planta baixa con acceso e sala de exposicións, planta primeira e planta segunda que permita a disposición de salas de exposicións tanto permanente como itinerante, zona de investigación, dixitalización, mantemento e distribución das obras que forman parte actualmente do arquivo de fotografía así como outras que se poidan adquirir.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 30 de decembro de 2010, acordou “Adxudicar á mercantil ORECO S.A. o procedemento aberto para a contratación das OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA PRIMEIRA FASE DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA (EXPTE.5813-307) por un prezo total de 906.240,00 euros (IVE incluído).

No ano 2011, finalizou a execución desta primeira fase da construción do "Centro Galego de Fotografía", e nos orzamentos municipais para o ano 2013 recóllese a partida 3360.6220000, denominada 2ª FASE CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 27 de decembro de 2013, adxudicou as obras da segunda fase de construción do Centro Galego de Fotografía á mercantil COPCISA, S.A., por un prezo total de 348.010,18 euros € (IVE incluído).

As obras correspondentes a esta segunda fase foron recepciónadas polo Concello de Vigo o pasado mes de novembro de 2014.

Unha vez rematadas as obras, xurde a necesidade de afondar no proxecto expositivo e divulgativo deste Centro de Arte Fotográfica de Vigo, polo que se considera que esta nova dependencia municipal debe ser adscrita á área de Cultura, que conta entre as súas atribucións, segundo Resolución do Alcalde de 29/07/2014, a seguinte:

"Establecer as directrices xerais e a política municipal da Área, conformar os programas anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas".

Polo tanto, solicítase desa Xunta de Goberno Local o seguinte:

- Adscribir o inmovible municipal situado na rúa Alta, 18, esquina Chao, denominado "CENTRO DE ARTE FOTOGRAFICA DE VIGO" á Área de Cultura.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PRIMEIRO PROGRAMA PARA ARRUMBE DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA. EXPTE. 7491/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 22.12.14, o informe de fiscalización do 26.12.14, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área da Tenencia de Alcaldía, do 5.12.14, que di o seguinte:

O 2 de decembro de 2014 emítase informe-proposta para aprobar o programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana.

Remitida a proposta á Intervención do Concello, o 3 de decembro emite informe no que formulan tres obxecións:

-Necesidade de incluír a regulación do procedemento a seguir no suposto de que as inttervencións artísticas causen danos sobre os bens sobre os que se actúe.

-Xustificación da redacción das bases pola Xefa do Servizo de Patrimonio histórico á vista de que a aplicación orzamentaria 1510-210.00.00 pertence á Área de Urbanismo.

-Incorporar informe xurídico.

Unha vez incluída a regulación do procedemento a seguir no suposto de que as intervencións artísticas causen danos sobre os bens sobre os que se actúe, esixindo tomar un seguro de responsabilidade civil ós intervintes na actuación, xunto coa previsión de levantar acta previa do estado da medianeira, e unha vez encomendada a xestión do procedemento á Oficina de Patrimonio histórico, formúlase novo informe-proposta, procedéndose a continuación a recabar informe xurídico, para a continuación proceder á fiscalización pola Intervención do Concello.

INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

Primeiro. - A Concelleira delegada de Urbanismo e Patrimonio histórico, a medio de resolución do 19 de novembro de 2014, inicia expediente para desenvolver un Programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e outras actuacións de dinamización dos espazos públicos.

Considera a Concellería de Patrimonio Histórico que é de interese municipal, realizar unha serie de actuacións cara a mellorar a imaxe urbana da cidade, e que o tratamento dos paramentos exteriores visibles dende a vía pública, contribuirá ó realce da paisaxe e do noso patrimonio.

O procedemento de tramitación das actuacións de adecentamento de medianeiras e espazos visibles dende a vía pública, pretende contar coa participación cidadá, tratando de conseguir que se involucre na conservación e estética dos espazos públicos, e coa colaboura daquelas institucións que teñan mostrado o seu interese na conservación e defensa do noso patrimonio cultural, así como de artistas comprometidos coa cidade de Vigo.

Segundo. - A xefa do servizo de Patrimonio histórico, segundo orde de servizo da Concelleira de Urbanismo, Patrimonio, Cascos históricos e Economía e Facenda de data 05 decembro de 2014, formula o correspondente Programa, que se remite a este departamento para informe e proposta

INFORME

I. O obxecto do programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e outras actuacións de dinamización dos espazos públicos é :

- tratar con pintura ou murais decorativos os paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública, tanto de titularidade pública como privada*
- embelecer, decorar, tratar con espresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana*
- durante a fase de execución dos murais desenvolver en tódala cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, tanto para nenos como para adultos, performances, proxeccións en espazos públicos da cidade de imaxes sobre tratamentos de medianeiras noutras urbes, actividades de danza urbana ou calqueira manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros*

II.- Fin:

Contribuir ó proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, así como dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos.

III.-Ámbito

Desenvolveranse entre dez e quince actuacións na cidade, consonte ó orzamento disponible.

IV.- Desenvolvemento

O programa estrutúrase en dúas fases: unha primeira de “Actuacións preparatorias”, na que se seleccionarán os espazos, artistas e centros educativos, e outra segunda de execución dos murais ou outras expresións artísticas. A Concellería de Patrimonio histórico e Urbanismo, previo asesoramento dunha Comisión técnica creada ó efecto, cursará as correspondentes invitacións ós artistas seleccionados, invitacións que se formalizarán a través da correspondente contratación, debendo o seleccionado cumprir cos requisitos que os arts 54 e seguintes TRLC esixen para contratar coa administración. A contratación estenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos.

V.- Prezo do programa

Recóllese o orzamento total (230.000 euros), que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria correspondente ó Presuposto municipal 2015.

VI.- Prazo de execución

O prazo de execución da actuación de arrumbamento será determinado no contrato correspondente.

VII.- Penalidades administrativas

Na base novena, prevense causas específicas de resolución do contrato que se deberán reflectir no contrato correspondente.

VIII.- Dereitos de propiedade intelectual

Prevese a cesión ó Concello dos dereitos de explotación das obras contratadas, circunstancia que tamén deberá expresarse en cada un dos contratos.

IX.- Réxime xurídico do programa

En canto á primeira fase o procedemento de selección ven determinado no propio programa, e en canto a súa execución se estará ó disposto na Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Contratos do Sector Público, e Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei.

En todo caso non é de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa reguladora das subvencións en canto o resultado da actividade de arrumbamento da escena urbá, por persoas suxeitas a dereito privado, non é de propiedade e utilización exclusiva do suxeito de dereito privado, artigo 2.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento de subvencións, senón que actuación conforma a paisaxe urbá, de propiedade colectiva.

X.- Responsabilidades por danos

Nas bases cuarta e quinta prevese que unha vez elexida a medianeira, os técnicos municipais emitirán informe, no que se describirá o estado da medianeira en canto a súa seguridade, conservación, impermeabilidade e demais consideracións técnicas a ter en conta con carácter previo á intervención. O citado informe incorporarase a unha acta que se levantará polos servizo tramitador e asinada pola propiedade da medianeira. Os intervintes na actuación, empresa

constructora no seu caso, e artista, deberán contar cun seguro de responsabilidade civil polos posibles danos que a súa actuación poidan causar a terceiros.

X.- Competencia

O Concello é competente para desenvolve actuacións de rehabilitación da edificación, reforma interior dos barrios, mellora da súa habitabilidade, revitalización, recuperación e desenvolvemento en virtude das competencias que os artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, atribúen ós municipios, en concreto a xestión e protección do patrimonio histórico e a promoción da cultura, así como o servizo de medio ambiente urbano.

CONCLUSIÓN

Xa que logo, examinado o programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, INFORMASE que non se aprecia ningunha cláusula contraria a dereito, sen prexuízo do que poida resultar do seu exame pola Intervención municipal, pois ó se derivar da actuación gastos para o Concello, antes da súa aprobación é preciso o informe de fiscalización por parte da Intervención Xeral, polo que se formula á Xunta de Goberno local a seguinte PROPOSTA:

Aprobar o Primeiro programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA

INTRODUCCIÓN

Os espazos libres das cidades, as zonas verdes e zonas históricos, como espazos de esparexemento, deisfrute e en moitos casos, representativos da identidade das mesmas, polo seu valor urbano, patrimonial-histórico-artístico, e ambiental, deben ser obxecto de atención dos poderes públicos, a quen lle compete velar pola súa conservación e enriquecemento.

O Concello de Vigo, desenvolve actuacións de rehabilitación da edificación, reforma interior dos barrios, mellora da súa habitabilidade, revitalización, recuperación e desenvolvemento en virtude das competencias que os artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, atribúen ós municipios, en concreto a xestión e protección do patrimonio histórico e a promoción da cultura, así como o servizo de medio ambiente urbano.

Este marco xurídico complementase coa normativa urbanística, a mais específica, o planeamento especial (para as zonas históricas, Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco vello e Bouzas e Plan especial de elementos, conxuntos e edificios a conservar) e para certos ámbitos, coa Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia,

Ademais das intervencións directas sobre os bens integrantes do noso patrimonio cultural, a Concellería de Patrimonio Histórico considera de interese municipal, realizar unha serie de actuacións cara a mellorar a imaxe urbana da cidade. O tratamento dos paramentos exteriores visibles dende a vía pública, contribuirá sen dúbida, ó realce da paisaxe e do noso patrimonio, o

que se traduce na mellora da calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto de cidadáns.

Este proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial, así como a posta en valor do patrimonio da cidade, realízase mediante a Primeira convocatoria para desenvolver as actuacións necesarias para o tapado, tratamento e embelecemento de medianeiras e paredes vistas, e en xeral o espazo urbano.

O procedemento de tramitación das actuacións de adecentamento de medianeiras e espazos visibles dende a vía pública, debe contar coa participación cidadá, tratando de conseguir que se involucre na conservación e estética das zonas de desfrute de todos e mailo patrimonio, coa colaboración daquelas institucións que teñan mostrado o seu interese na conservación e defensa do noso patrimonio cultural, e coa participación daqueles artistas comprometidos coa cidade de Vigo a cal será finalmente vehículo de expresión da súa obra. Desta forma dinamízase o núcleo urbano, convertendo á cidade nun lugar aberto á expresión artística e ofrecendo ó público un espectáculo único con diversidade de actuacións e exposicións.

Os criterios de selección dos espazos son os fixados polo Concello, coa colaboración dunha Comisión asesora nestas disciplinas, e versan sobre a idoneidade da medianeira ou muro, a súa localización, o seu grado de protección ou catalogación municipal, e por suposto o interese previo dos propietarios manifestado por escrito ante o Concello.

O procedemento efectuarase baixo os principios de participación pública, publicidade, concorrencia e obxectividade.

PRIMEIRA.-OBXECTO

O obxecto do Primeiro programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e outras actuacións de dinamización dos espazos públicos é :

- tratar con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública, tanto de titularidade pública como privada
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade, decorar aqueles paramentos exteriores a través da composición que un artista seleccionado pola Concellería, realice con tódolos debuxos ofrecidos polo alumnado da institucións educativa, baixo o lema "como vexo ó meu barrio"
- durante a fase de execución dos murais desenvolver en tódala cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, tanto para nenos como para adultos, performances, proxeccións en espazos públicos da cidade de imaxes sobre tratamentos de medianeiras noutras urbes, actividades de danza urbana ou calqueira manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.

SEGUNDA.- FIN

A finalidade da convocatoria é contribuir ó proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, e mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto de cidadáns, así como dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos.

TERCEIRA.- ÁMBITO

Neste primeiro programa desenvolveranse entre dez e quince actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ó orzamento dispoñible.

O Concello resérvase o dereito de modificar os lugares elixidos para as actuacións se as necesidades de tramitación así o aconsellan

CUARTA.- PROGRAMA DA ACTUACIÓN
O programa estruturase en dúas fases:

Fase 1.- Actuacións preparatorias

1.1 Subfase de propostas dos espazos a tratar, colexios e institutos oficiais interesados no programa e artistas participantes

-Mediante anuncio na páxina web do Concello, www.vigo.org, e prensa local, abrirase un prazo dun mes para que os propietarios, asociacións de veciños, culturais, sociais, sociedades, e en xeral calquer interesado poida formular propostas de espazos a tratar.

Cando as propostas veñan suscritas polos propietarios dos inmobles, deberán xuntar título de propiedade e autorización da comunidade de propietarios que se inclúe como ANEXO I.

-Durante o mesmo prazo dun mes, as institucións educativas interesadas en participar no programa, colexios e institutos, achegarán solicitude de participación que se relaciona como ANEXO II

-Os artistas, ou grupos de artistas relacionados coa creación artística contemporánea local, interesados en participar no Programa, poderán achegar en calquer tempo, xustificación da súa traectoria profesional, que será considerada pola Comisión técnica encargada de propor á Concellería as invitacións oportunas para executar os traballos de decoración.

As propostas irán dirixidas á Concellería de Urbanismo e Patrimonio Histórico, Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO

1.2 Subfase de selección dos espazos a tratar, colexios e institutos interesados no programa e artistas participantes

1.2.1 Selección dos espazos

Unha Comisión técnica, previo estudio da viabilidade das localizacións, propondrá á Concellería os espazos a renovar, de acordo cos seguintes criterios:

- que a medianeira ou muro visibles dende o espazo público estea en axeitadas condicións de seguridade estrutural e estanquidade*
- viabilidade técnica dos traballos*
- interés espacial e urbano*
- existencia de elementos descontextualizados como cables, caixas de servizos, etc*
- medianeiras con gran impacto visual no conxunto do núcleo*
- interese arquitectónico da edificación e proximidade a edificacións de interes*
- constancia de servidumes que afecten ás medianeiras ou a seu mantemento*
- ambiente urbano degradado*

A Comisión será nomeada pola Concellería de Patrimonio histórico, na que estarán representadas as Asociacións culturais da cidade e técnicos municipais especializados na conservación do patrimonio histórico.

En todo caso poderán participar nas sesións da Comisión en calidade de asesores, expertos en arte urbano.

A Comisión poderá resolver calquera dúbida, imprevisto ou interpretación que se deriven das presentes bases.

Á vista da proposta de selección, os técnicos municipais emitirán informe, acompañado de detallado reportaxe fotográfico, no que se describa o estado da medianeira en canto a súa seguridade, conservación, impermeabilidade e demais consideracións técnicas a ter en conta con carácter previo á intervención. O citado informe incorporárase a unha acta que se levantará polos servizo tramitador e asinada pola propiedade da medianeira.

A selección dos espazos publicarase na páxina web do Concello, [http:// www.vigo.org](http://www.vigo.org).

As propostas non seleccionadas pasarán a formar parte dun inventario para próximas edicións.

1.2.2 Selección dos artistas

Os artistas seleccionaranse por invitación, baixo dúas modalidades:

- Aqueles artistas de recoñecido prestixio na nosa cidade, serán no seu caso invitados pola Concellería de Patrimonio histórico e Urbanismo.
- Artistas propostos á Concellería pola Comisión técnica, a cal, previo exame da súa traectoria profesional formulará a correspondente proposta de invitación. Haberá unha bolsa aberta que será o marco de referencia para a selección dos artistas

1.2.3 Selección dos colexios ou institutos

Para esta primeira edición sortearase o centro educativo entre os centros educativos que se teñan interesado en participar nesta iniciativa. En posteriores edicións participarán tódolos los colexios adheridos ó programa.

1.2.4 Características dos bosquejos/expresións artísticas

A Comisión técnica será quen de indicar a cada artista por ela proposto e seleccionado pola Concellería, o carácter do bosquejo a representar, con respecto tanto á creatividade do artista como á normativa específica de protección das zonas históricas¹.

Aínda que a temática en principio será libre, fíxanse os seguintes criterios:

- nas zonas históricas priorizaranse os murais históricos ou identitarios que relaten tanto a historia da cidade, as súas actividades, fontes de riqueza, e aqueles aspectos que identifiquen á cidade; murais pictóricos que poñan en valor ós artistas plásticos galegos ou vencellados a Vigo e a súa historia
- o resultado final no contexto do espazo a decorar
- dificultades de mantemento
- axuste ó presuposto máximo
- prohíbese a representación de temáticas que constitúan apoloxía da violencia, obras de contido racista, sexista, xenófobo, obsceno, ou calquer outro que atente contra a dignidade das persoas

En relación coas propostas dos colexios e institutos

A dirección do colexio ou instituto elixirá a un curso para que os alumnos realicen un debuxo sobre a temática de "como percibo ó meu barrio". Os debuxos entregaranse ó concello, para que o artista invitado execute unha composición con tódolos debuxos no lugar visible dende a vía pública do correspondente barrio proposto pola Comisión técnica.

1 Estudio de cores, relación coa fachada

Os artistas seleccionados elaborarán o bosquexo/proposta correspondente para a súa aprobación pola Concellería de Patrimonio histórico.

Os bosquexos seleccionados publicaranse na páxina web do Concello.

Fase 2.- execución dos murais/proxectos artísticos

As invitacións para executar os tratamentos dos espazos con pintura, murais e demais expresións artísticas, formalizaranse a través da correspondente contratación.

O autor ou autores da pintura mural será a mesma persoa ou grupo de persoas que elaborou o bosquexo ou proxecto aprobado, e no prazo que sinala a Concellería no correspondente contrato, debendo o seleccionado cumprir cos requisitos que os arts 54 e seguintes do Texto refundido da Lei de contratos esixen para contratar coa administración, e executar os traballos con absoluto respecto ás medidas de seguridade laboral e de ocupación no seu caso da vía pública nas debidas condicións de seguridade.

A contratación estenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos: pinturas, andamios, escaleiras....debendo a adxudicataria dos traballos de preparación da medianeira ou espazo libre dispor dun seguro de responsabilidade dos posibles danos que se poideran causar a persoas ou bens

Cada traballo mural deberá contar na parte inferior dunha lenda de forma e dimensións a definir polo Concello na que aparecerá:

-Nome do artista

-Logotipo do Concello

-Nome do programa

QUINTA. -DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL

Os dereitos de explotación das obras contratadas serán cedidos ó Concello de Vigo, incluíndo os dereitos de reprodución, difusión e exhibición públicas, quen poderá facer uso deles en calquera das modalidades previstas no Texto refundido da Propiedade intelectual e sen outros límites cos establecidos en dita norma legal.

O prezo do contrato será o pago único pola cesión dos dereitos de propiedade intelectual, sen que proceda liquidación algunha pola posterior utilización dos dereitos cedidos.

As cesións dos dereitos de propiedade intelectual non terán o carácter de exclusivas, de xeito que o artista poder facer uso destes, sempre que non se prexudiquen os dereitos do Concello. De se realizar esta explotación, o artista deberá mencionar a concesión do premio.

SEXTA. -DOCUMENTACIÓN

Fase 1.- Actuacións preparatorias

Selección de espazos

Tódolos propietarios, asociacións de veciños, culturais, sociais, sociedades, e en xeral calquera interesado poida formular propostas de espazos a tratar, sempre que sexan visibles dende as zonas públicas, debendo achegar:

- emprazamento do espazo
- fotografía actual
- dimensións aproximadas
- datos da propiedade (de ser coñecida)
- no caso de cesións de paredes de propiedade privada, documento acreditativo da propiedade e autorización desta

Selección de artistas

Os artistas interesados en participar achegarán :

- *xustificación da súa traxectoria profesional*
- *fotocopia do DNI do participante, e no seu caso, de cada un dos compoñentes do grupo*

Os artistas seleccionados, deberán achegar:

- *autorización ó Concello de Vigo para a publicación, reprodución ou distribución, total ou parcial, da obra seleccionada na execución do Programa con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que se puidese derivarse nos termos do disposto no RD Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, asinada polo autor ou representante do grupo, (ANEXO 3)*

SETIMA.- OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Sétima.1 DOS ARTISTAS SELECCIONADOS

- *Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento da obra mediante a colocación dun cartel e/ou unha placa ou adhesivo normalizados, segundo as especificacións ofrecidas no pola Concellería de Urbanismo e Patrimonio Histórico de Vigo no correspondente contrato*
- *Realizar a obra consonte ó bosquexo ou proxecto aprobado.*
- *Responder da autenticidade da obra, baixo a persoal responsabilidade da persoa que realice o bosquexo.*
- *Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos que se poidan causar a persoas e bens durante a execución da obras*

Sétima.2 DOS PROPIETARIOS DOS ELEMENTOS A DECORAR

Asumir o compromiso para garantir no futuro o mantemento da pintura, da aparencia do edificio nunhas axeitadas condicións estéticas consonte coas obras executadas.

Sétima.3 DAS POSIBLES ADXUDICATARIAS DOS TRABALLOS DE PREPARACIÓN DA MEDIANEIRA OUS ESPAZO LIBRE

OITAVA.- FINANCIACIÓN

A cantidade máxima destinada a este Primeiro programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e outras actuacións de dinamización dos espazos públicos é de 230.000 euros que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria correspondente ó Presuposto municipal 2015.

NOVENA.- RÉXIME SANCIONADOR

Será causa específica de resolución do contrato a actitude violenta ou falta de respecto dos artistas aos demais participantes ou asistentes.

A rescisión poderá implicar a prohibición de participar en futuros programas durante un tempo que se determinará en función das circunstancias que concorran.

Será tamén motivos para a resolución:

a. A realización de pinturas fora dos espazos designados polo Concello para este evento

- b. A Alteración das obras doutros participantes*
- c. O plaxio das obras doutros artistas*
- d. A non correspondencia das obras co seu bosquexo ou proxecto orixinal*

DISPOSICIÓNS FINAIS

*A participación no Programa supón a aceptación destas bases na súa totalidade.
As actuacións serán gravadas e/ou fotografadas e poderán ser reproducidas e /ou expostas polo Concello.*

ANEXO I: AUTORIZACIÓN DA PROPIEDAD DA PAREDE

D.

*no seu propio nome/en representación da Comunidade de propietarios do inmovible sito en
con DNI/Pasaporte núm. enderezo electrónico a efectos de notificacións*

*autorizo ó Concello de Vigo para decorar con pintura, a través do Programa de tratamentos de
espacios libres da cidade a parede da súa propiedade segundo título que se achega.*

Sinatura

*Concellería de Urbanismo e Patrimonio Histórico,
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO*

*ANEXO II: SOLICITUDE DE CENTROS EDUCATIVOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA
(COLEXIOS E INSTITUTOS)*

O centro educativo, colexio/instituto
, e na súa representación don/dona

, con DNI/Pasaporte núm. enderezo electrónico a efectos de notificacións

solicito participar no Programa de tratamento de paredes e espazos libres da cidade de Vigo
A dirección do centro educativo

Sinatura

*Concellería de Urbanismo e Patrimonio Histórico,
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO*

ANEXO III: DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN E COMPROMISO

*Eu,
con DNI*

en nome propio ou do meu grupo, integrado por

autorizo ao Concello de Vigo para a publicación, reprodución ou distribución, total ou parcial da obra seleccionada no programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e outras actuacións de dinamización dos espazos públicos con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que poida derivarse e nos termos esixidos no Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

Vigo,

Sinatura

*Concellería de Urbanismo e Patrimonio Histórico,
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO*

5.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DE 2014. EXPTE. 42801/212.

Mediante escrito de data 17.12.14, en cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, o concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, dá conta da relación de contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao cuarto trimestre do ano 2014 (outubro, novembro e decembro), que son os seguintes:

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe
42120-212	13202219903	SUB	93 cascos motoristas	Ángel Leirós Motos SL	16/10/14	23/10/14	10.000,00€
42271-212	13202219900	SUB	Lanternas Policía Local	Grupo Innovación División Iluminación SL, INNVENNT	04/11/14	10/11/14	3.480,78€
42567-212	13202211000	SUB	Produtos limpeza e aseo	-	21/11/14	25/11/14	300,00€
42591-212	13202269902	SER	Seguro do can JUNO (convenio unidade canina)	Mapfre, a través da correduría Artai	25/11/14	01/12/14	348,24€
42603-212	13202219900	SUB	Baterías e filtros protección de rede para cinemómetros	Di Electro Industrial AS	28/11/14	01/12/14	640,45€

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

6.- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DE GRAN GALA PRESTADOS POLA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DO “DÍA DA CONSTITUCIÓN”. EXPTE. 26052/220.

Visto o informe de fiscalización do 2.01.15, dáse conta do informe-proposta do 22.12.14, da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

A Policía Local remite a esta oficina de Recursos Humanos con data 10 de decembro de 2014, oficio relacionando os funcionarios que con motivo do acto do “Día da Constitución”, prestaron servizos de Gran gala.

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados

fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nun periódicas no seu dveengo, nin orixinar dereitos individuais en periodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

As vixentes Instruccións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Cuarta apartado e) no que se establece que aboarase con cargo a gratificacións, o persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimoniais ou actos protocolarios nos que participe a Corporación como tal, co seguinte importe:

- Actos de máis de 4 horas de duración: 118,58 €.
- Actos de menos de 4 horas de duración: 63,23 €.

A Xefatura do Servizo da Policía Local xustifica no informe que forma parte deste expediente, a efectiva realización dos servizos de Gran Gala, acreditando a procedencia do recoñecemento dun incentivo encadrado baixo o concepto retributivo de gratificacións e propoñéndose o outorgamento do mesmo aos efectivos contidos nas relacións adxuntas nas que figuran os seguintes:

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
16969	Fernández Sotelo, Juan Ramón	118'58 €
22250	Conde Vázquez, Manuel	118'58 €
	TOTAL.....	237'16 €

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 922.0.1510000-“Gratificacións”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos elévase á

Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA AC O R D O :

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do “Día da Constitución”, aboarase o persoal da Policía Local que de seguido se relaciona, con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
16969	Fernández Sotelo, Juan Ramón	118'58 €
22250	Conde Vázquez, Manuel	118'58 €
	TOTAL.....	237'16 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7.- DOMINGOS, FESTIVOS E NOTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2014. EXPTE. 26037/220.

Visto o informe de fiscalización do 2.01.15, dáse conta do informe-proposta do 19.12.14, da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

Distintos servizos e unidades municipais remitiron ao servizo de Recursos Humanos relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de novembro (inclúe horas de xullo) de 2014, todas elas co visto e prace dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), establece que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €.

A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	novembro	162,00	651,24	39,00	106,08	757,32
Policia Local	novembro	9.732,42	39.124,33	9.333,83	25.388,02	64.512,35
Extinción Ince	novembro	1.333,00	5.358,66	445,00	1.210,40	6.569,06
Cemiterios	novembro	601,75	2.419,04	0,00	0,00	2.419,04
Parque Centra	novembro	246,00	988,92	270,00	734,40	1.723,32
Parque Móbil	novembro	20,00	80,40	45,00	122,40	202,80
Museo	novembro	79,75	320,60	0,00	0,00	320,60
Turismo	novembro	98,00	393,96	0,00	0,00	393,96
Vías e Obras	novembro	0,00	0,00	28,00	76,16	76,16
IMD	novembro	37,50	150,75	20,00	54,40	205,15
Conserxería	novembro	8,50	34,17	0,00	0,00	34,17
Vías e Obras	xullo	61,00	245,22	0,00	0,00	245,22
TOTAIS		12.379,92	49.767,28	10.180,83	27.691,86	77.459,14

As relacións de persoal propostas para o aboamento en concepto de gratificacións por nocturnidade e/ou festividade contidas no expediente pertencen aos servizos de Alcaldía, Policía Local, Extinción de Incendios; Cemiterios, Parque Central, Parque Móbil, Museo, Turismo, Vías e Obras, IMD e Conserxería.

Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Numero de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuír, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos.

De todos os xeitos e dadas as dificultades de comprensión das relacións de persoal, manifestadas pola Intervención Xeral, aclárase:

No caso dos choferes de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, é evidente que dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía, no mes de novembro de 2014.

Policía Local.- correspondese coa distribución segundo cuadrante do persoal da Policía Local no mes de outubro 2014, tendo en conta que presta servizos as 24 horas do día os 365 días do ano. A quenda de mañá desempeña os seus servizos de 6,30h a 14.30 h polo que lle corresponde media hora nocturna. A quenda de tarde finaliza os seus servizos as 22.30 h polo que lle correspondería, ao igual que no caso anterior, o recargo correspondente a media hora nocturna e no caso da quenda de noite serían 8 horas. Así mesmo, inclúese a asistencia ao xulgado nos días que lle corresponde descanso segundo o seu cuadrante, para o seu aboamento como xornada festiva. Achégase no expediente listado que recolle nome dos efectivos e datas de realización de tarefas en horario nocturno ou festivo, polas que corresponde o aboamento dos correspondentes recargos.

Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da área, de data 04/12/2014.

Proponse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.

Parque Central.- en informe de data 01/12/2014, o xefe da Área de Fomento remite informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Parque Móbil.- en informes de data 01/12/2014, o xefe do Parque Móbil remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Turismo.- tal e como se recolle no informe da Xefa de Turismo, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo, con horario ininterrompido de luns a domingos entre as 10,00 e

as 17,00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.

I.M.D.- corresponde o aboamento dacordo ao informe asinado polo Director Técnico do Instituto Municipal de data 03/12/2014.

Museos Municipais.- O aboamento dos recargos por festividade ao personal do Servizo de Museos correspóndese co horario de apertura ao público de ditas instalacións e a imprescindible presenza do persoal municipal.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

Alcaldía	novembro	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	651,24	106,08	757,32
Policía Local	novembro	De Abalde Casanova, Jesús I a Vivero Mijares, Juan G.	39.124,33	25.388,02	64.512,35
Extinción Incendios	novembro	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Villar Domínguez, Manuel	5.358,66	1.210,40	6.569,06
Cemiterios	novembro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.419,04	0,00	2.419,04
Parque Central	novembro	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso	988,92	734,40	1.723,32
Parque Móbil	novembro	De Gil González, Antonio a Riveiro Rodríguez, José	80,40	122,40	202,80
Museo	novembro	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	320,60	0,00	320,60
Turismo	novembro	De Barreiro Fidalgo, Natalia a Díaz López, Enma	393,96	0,00	393,96
Vías e Obras	novembro	De Docamiño Raimundez, J. Alberto a Rodríguez Prieto, Federico	0,00	76,16	76,16
IMD	novembro	De Alves Cerqueira, Antonio	150,75	54,40	
Conserxería	novembro	De Vieira Parada, Ana Belén	34,17	0,00	34,17
Vías e Obras	xullo	De Amoedo Cabaleiro, José L. A Martínez Barreiro, José M.	245,22	0,00	245,22
TOTAIS			49.767,28	27.691,86	77.459,14

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 77.459,14 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.S.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8.- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DA BRIGADA DE PAVIMENTACIÓN DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2014. EXPTE. 26002/220.

Visto o informe de fiscalización do 2.01.15, dáse conta do informe-proposta do 15.12.14, da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado d) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarse con cargo á aplicación orzamentaria 922.0150.00.00-

"Productividade", por importe de 906,36 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo

XORNADA PARTIDA CEMITERIOS NOVEMBRO 2014			
N.P.	Apelidos e nome	Días traballados	Importe
23490	Alfonso Paz, Jesús	18	65,52 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	22	80,08 €
13600	Cabaleiro González, José	21	76,44 €
77225	Cid González, Alberto	20	72,80 €
15326	Conde Borrajo, Emilio	2	7,28 €
77691	Conde Lorenzo, Héctor	22	80,08 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	18	65,52 €
82456	Costas Villar, Alberto	10	36,40 €
78924	González Seijo, Antonio	9	32,76 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	17	61,88 €
76563	Pereira Fona, Juan José	19	69,16 €
82187	Quintas Pérez, Jose Juan	12	43,68 €
76430	Rodríguez López, Adolfo	20	72,80 €
77224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	19	69,16 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	20	72,80 €
TOTAL			906,36 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13.- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERÍODO: MAIO 2013- NOVEMBRO 2014. EXPTE. 26041/220.

Visto o informe de fiscalización do 2.01.15, dáse conta do informe-proposta do 19.12.14, da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa do Área de Réxime Interior, e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

No Servizo de Recursos Humanos teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos aos desprazamentos por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais seguidamente relacionados:

- Vías e Obras,
- O.S.P.I.O.,
- Participación Cidadá e Emprego,
- Conserxería,
- Mobilidade, Transporte e Seguridade,
- Inspección de Tributos,
- Cemiterios,
- Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León",
- Sanidade,
- Prevención de riscos laborais.

Nos devanditos expedientes inclúense orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto, a identificación do empregado municipal, percorrido e quilómetros correspondentes a cada un deles e a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas Xefaturas de Servizo e conformadas polos Concelleiros/as Delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por este Servizo, supón un total de 8.008,96 €.

Os gastos correspondentes a D. Agustín Rodríguez Carballo, para o que segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de novembro de 2000, establécese un importe mensual de 120,02 €, procédese por este servizo de Recursos Humanos a deducir do citado importe, os días nos que o empregado disfrutou de vacacións, asuntos propios, permisos, etc, tal e como se recolle no Acordo citado e no informe do Asesor Xurídico da Área de Fomento de data 01/04/2014.

Compróbase así mesmo a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (Código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétase no listado subseguinte -que comeza por D. Agustín Rodríguez Carballo e que remata en D^a. Aránzazu González Soengas-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
71215,712 58,71671,7 2223-250	Vías e Obras	Rodríguez Carballo, Agustín	35.981.050-B	77170	Maio-Xullo 2013; Setembro- Outubro 2013; Decembro 2013; Xaneiro- Setembro 2014	1.748,30 €
72702-250	Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Novembro 2014	293,36 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Novembro 2014	298,68 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Novembro 2014	291,84 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Novembro 2014	299,44 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Novembro 2014	264,48 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Novembro 2014	298,30 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Novembro 2014	244,15 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Novembro 2014	279,49 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Novembro 2014	277,97 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Novembro 2014	286,90 €
6916-320	Participación Cidadá	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Novembro 2014	26,08 €
339-201	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Novembro 2014	290,51 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Novembro 2014	302,10 €
91410-210	Mobilidade, Transporte e Seguridade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Novembro 2014	163,97 €
91411-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Novembro 2014	186,58 €
91412-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Novembro 2014	192,28 €
30544/305 49-502	Inspección de Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Novembro 2014	217,74 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Novembro 2014	205,39 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Novembro 2014	255,93 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Novembro 2014	254,98 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Novembro 2014	117,99 €
10399-255	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284- W	76430	Novembro 2014	113,05 €
10400-255		Márquez Losada, Manuel E.	52.500.559-T	23509	Novembro 2014	21,28 €
5288-337	Museo Municipal de Vigo "Quiñones de Leon"	Egea Torrón, Pilar	50.806.376- C	18543	Novembro 2014	11,40 €
		Rodríguez Fernández, Javier	34.967.837-V	80072	Novembro 2014	15,96 €
102238, 102919- 301	Benestar Social	Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Outubro- Novembro 2014	64,41 €
102469- 301		Malvido Rodríguez, Azucena	78.739.579-E	78717	Setembro- Outubro 2014	24,43 €
14212-310	Sanidade	Domínguez Casales, Constantino	36.017.614-M	14663	Agosto-Outubro 2014	676,78 €
26028-220	Prevención RRLl	Cabeza Pereiro, Isabel	36.114.676-F	80660	Abril-Decembro 2014	99,44 €
26029-220		González Soengas,	52.481.598-Z	79388	Outubro-	185,25 €

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
		Aránzazu			Decembro 2014	
TOTAL						8.008,96 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Artigo 24 da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014.

II.- Artigos 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguíntes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 .

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

"Aprobar o gasto por un importe de 8.008,96 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Agustín Rodríguez Carballo e que remata en Dª. Aránzazu González Soengas-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
71215,712 58,71671,7 2223-250	Vías e Obras	Rodríguez Carballo, Agustín	35.981.050-B	77170	Maio-Xullo 2013; Setembro- Outubro 2013; Decembro 2013; Xaneiro- Setembro 2014	1.748,30 €
72702-250	Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Novembro 2014	293,36 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Novembro 2014	298,68 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Novembro 2014	291,84 €

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Novembro 2014	299,44 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Novembro 2014	264,48 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Novembro 2014	298,30 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Novembro 2014	244,15 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Novembro 2014	279,49 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Novembro 2014	277,97 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Novembro 2014	286,90 €
6916-320	Participación Cidadá	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Novembro 2014	26,08 €
339-201	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Novembro 2014	290,51 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Novembro 2014	302,10 €
91410-210	Movilidade, Transporte e Seguridade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Novembro 2014	163,97 €
91411-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Novembro 2014	186,58 €
91412-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Novembro 2014	192,28 €
30544/305 49-502	Inspección de Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Novembro 2014	217,74 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Novembro 2014	205,39 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Novembro 2014	255,93 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Novembro 2014	254,98 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Novembro 2014	117,99 €
10399-255	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Novembro 2014	113,05 €
10400-255		Márquez Losada, Manuel E.	52.500.559-T	23509	Novembro 2014	21,28 €
5288-337	Museo Municipal de Vigo "Quiñones de Leon"	Egea Torrón, Pilar	50.806.376-C	18543	Novembro 2014	11,40 €
		Rodríguez Fernández, Javier	34.967.837-V	80072	Novembro 2014	15,96 €
102238, 102919-301	Benestar Social	Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Outubro- Novembro 2014	64,41 €
102469-301		Malvido Rodríguez, Azucena	78.739.579-E	78717	Setembro- Outubro 2014	24,43 €
14212-310	Sanidade	Domínguez Casales, Constantino	36.017.614-M	14663	Agosto-Outubro 2014	676,78 €
26028-220	Prevención RRL	Cabeza Pereiro, Isabel	36.114.676-F	80660	Abril-Dicembro 2014	99,44 €
26029-220		González Soengas, Aránzazu	52.481.598-Z	79388	Outubro- Dicembro 2014	185,25 €
TOTAL						8.008,96 €

Das seguintes partidas funcionais:

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	4.582,91 €
2410	Participación Cidadá e Emprego	26,08 €
9220	Conserxería	592,61 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	542,83 €
9310	Servizos Económicos	1.052,03 €
1640	Cemiterios	134,33 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de Leon"	27,36 €
2310	Benestar Social	88,84 €
3134	Sanidade	676,78 €
9221	Prevenición Riscos Laborais	285,19 €
	TOTAL	8.008,96 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN E ANTEPROXECTO DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO DO APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 429/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.12.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 29.12.14, conformado polo xefe da Área de Fomento e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES :

O Pleno do Concello de Vigo , na sesión de data 28 de agosto de 1972 acordou adxudicar a construción e explotación en réxime de concesión administrativa do aparcamento subterráneo da praza de Portugal a Estacionamentos Galegos S.A. (EGASA)

Finalizado o prazo da concesión o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 21 de marzo de 2011 (exp. nº 79773/210), acordou aprobar a xestión directa pola propia entidade local como forma de xestión provisional do servizo público ata tanto non se rematase a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adxudicase a xestión do servizo a un novo concesionario xestionándose deste xeito o servizo por xestión indirecta.

O expediente de adxudicación da xestión do parking estivo pendente dun informe da Xunta Consultiva de Contratación , informe solicitado na data 7 de maio de 2013 e ante o transcurso do prazo razoable para a emisión do mesmo, o Concelleiro-delegado de Fomento na data 23 de setembro de 2014 ditou a seguinte Orde de Servizo :

"Que polos servizos técnicos municipais adscritos a esta Concellaría e baixo a coordinación da Xefa do servizo de transportes por corresponder ao citado servizo a competencia en materia de aparcadoiros, se inicie un novo expediente axustado a normativa en vigor reguladora das contratacións administrativas e dicir de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que aprobase o texto refundido da lei de contratos do sector público para a adxudicación da concesión da xestión do servizo público do aparcadoiro público da praza de Portugal por procedemento aberto , debendo formularse a proposta sobre os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos a prestación do servizo ."

NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO E EFICIENCIA NA CONTRATACIÓN.

De conformidade co disposto no artigo 22 do Real Decreto Lexislativo 3 / 2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector publico, en canto á xustificación da necesidade e idoneidade do contrato que se propón, acredítase xa que co mesmo vanse satisfacer as necesidades administrativas relativas a garantir e facilitar o aparcamento de vehículos, contemplada como competencia propia dos municipios no artigo 25.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Neste caso concreto, en informe emitido polo Xefe da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade con data 20/09/2010, no expediente inicial que logo foi arquivado, xa se destacaba a necesidade de dar continuidade á xestión do servizo público que este aparcadoiro representa.

En definitiva, a necesidade deste novo contrato faise evidente xa que o aparcadoiro atópase construído nunha zona moi céntrica na que existen poucas prazas de garaxe en superficie e na que gran parte das edificacións carecen deste servizo.

Óptase por esta solución en lugar da xestión directa por mor de que o Concello non conta con persoal axeitado para este tipo de servizos e tampouco pode contratalo xa que as sucesivas leis do Orzamentos Xerais do Estado dos últimos anos están a prohibir practicamente a reposición de vacantes, salvo naqueles corpos ou escalas nas que sexa absolutamente necesario, entre as que non se atopa a correspondente a esta clase de persoal, o que produzo que na actualidade o cadro de persoal deste Concello este baixo mínimos.

Polo tanto, neste caso a opción pola contratación da xestión do servizos non radica nunha cuestión de oportunidade, senón na imposibilidade de que se poda prestar con persoal propio. En todo caso esta contratación vai supor unha fonte de ingresos para o Concello a través do canon, sen que signifique gasto ningún.

En canto á idoneidade do contrato elixido xustifícase en que entre as clases de contratos que contempla o artigo 8 do T.R.L.C.S.P este é o que máis se axusta ao seu obxecto, xa que ao estar construído o aparcadoiro non se pode considerar un contrato de concesión de obra pública e ao percibir o prezo do servizo dos usuarios e establecerse ao risco e ventura do contratista, tampouco pode considerarse de servizos.

Tamén, en principio e sen prexuízo do informe máis fundamentado que pode emitir a Intervención Xeral ao efecto, consideramos que se cumpren os principios de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira xa que o servizo vense prestando dende o seu inicio en réxime de concesión administrativa cunhas tarifas e un canon semellante aos que se pretenden establecer, sen prexuízo de que na actualidade, unha vez rematado o primitivo contrato, se veña prestando en réxime de xestión directa aínda que cunha encomenda de xestión a un xestor externo especializado.

ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN

Pola Concellería de Mobilidade foi contratado na data 3 de xuño de 2014 o estudo de viabilidade económica do proxecto " Parking da praza de Portugal " a empresa Seixas Consultora S.L.N.E estudo que foi presentado no rexistro xeral do Concello na data 1 de outubro de 2014 . O estudo presentado foi informado favorablemente na data 3 de outubro de 2014 polo xefe da Area de Investimentos informe no que conclúe que procede a declaración de viabilidade da actuación e a conseguinte validación do anteproxecto de explotación, anteproxecto que se somete a aprobación .

Do anteproxecto de explotación resulta que o canon concesional que se establece é de 112.000 euros que se prevé que poda ser incrementado polos licitadores nas súas ofertas.

En canto ás tarifas, tamén se prevé que podan ser ofertadas á baixa polos licitadores e dende logo son inferiores aos dos aparcadoiros próximos.

De conformidade co informe emitido na data 17 de novembro de 2014 e o emitido na data 26 de novembro de 2014, polo xefe da area de investimentos as tarifas esixibles ao usuario partindo da actualización das que están en vigor aplicándolles o IPC xeral serían as seguintes :

tarifa minuto 0,03 € /minuto

abono anual coche : 1.507,94 €
abono anual moto :651 €
abono mensual coche 12 horas :120,09 €
abono mensual coche 24 horas :143,82

ANTEPROXECTO DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO

Foi elaborado pola oficina de obras e proxectos municipais da Xerencia Municipal de urbanismo o anteproxecto de reforma e acondicionamento do aparcamento publico da Praza de Portugal con un orzamento estimado de 1.044.920,81€. e un prazo de execución de 5 meses .

No citado anteproxecto os técnicos redactores informan que “ en aplicación do artigo 9.15.10.das Normas Urbanísticas do Plan Xeral o Uso de Garaxe aparcamento categoría 2ª esta permitido. As obras proxectadas cumpren coas especificacións da Ordenanza de aplicación , xa que no se alteran condicións de volume, edificabilidade ou uso existente “

Con data 18 de novembro de 2014 Doña Mª Cristina Chao Polo , arquitecta municipal de Xerencia de Urbanismo, e en relación coa actividade a desenrolar emite informe no que no paragrafo ultimo sinala: “As obras solicitadas se encadran nas de rehabilitación, nun local no que existe o uso e este non vai ser substituído. Conforme ao artigo 9.2.4 das NNUU do vixente PXOM, as condicións que se deben cumprir son as de seguridade nos edificios, protección do medio ambiente e adaptación de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. O Anteproxecto xustifica o cumprimento destas condicións, debendo o Proxecto de Execución definir pormiudamente as obras e instalacións que se prevén.

REGULACION XURIDICA

De conformidade co disposto no artigo 133, 2 do Real Decreto Legislativo 3 / 2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector publico , nos contratos de xestión de servizos públicos que comprendan a execución de obras a tramitación do expediente ira precedida da elaboración e aprobación administrativa do anteproxecto de explotación e do correspondente as obras precisas con especificación das prescricións técnicas relativas a súa realización : engadindo que en tal suposto serán de aplicación os preceptos establecidos na lei para a concesión de obras publicas .E de conformidade co disposto nos artigos 128 e 129 do citado texto legal o estudo de viabilidade e o anteproxecto de obras someteranse a información publica polo prazo dun mes .

En relación co anteproxecto de construción e explotación da obra, no artigo 129 nº 2 se inclúe a esixencia dunha memoria coas necesidades a satisfacer que no presente caso non se considera necesaria por non tratarse dun proxecto construtivo nin un servizo novo: os planos e o orzamento de execución xa figuran no anteproxecto de reforma e acondicionamento do aparcamento e en canto ao estudo relativo ao réxime de utilización e explotación da obra, por acordo plenario de data 21 de marzo de 2011 foi aprobado o regulamento xeral de réxime interior do servizo do aparcamento e publicada a súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de data 2 de decembro de 2011.

De conformidade co disposto na disposición adicional segunda numero 3 do Real Decreto Legislativo 3 / 2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector publico , as competencias en materia de contratación nos municipios de gran poboación nos que se encontra incluída a cidade de Vigo , corresponden a Xunta de Goberno Local , calquera que sexa o importe do contrato e a duración do mesmo .

Polo exposto sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta cuio texto contido na proposta de data 26 de novembro foi informada favorablemente pola Intervención Municipal :

PROPOSTA

***PRIMEIRO:** Aprobar o ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN ECONÓMICA do proxecto Parking da praza de Portugal conformado polo Xefe do Servizo de Investimentos na data 3 de outubro de 2014 con base no estudo de viabilidade elaborado por Seixas Consultora S.L.N.E e aprobar o ANTEPROXECTO DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO DO APARCAMENTO PUBLICO DA PRAZA DE PORTUGAL elaborado en setembro de 2014 polos arquitectos D. Juan Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso adscritos a oficina de obras e proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo por un importe de 1.044.920,81 € (I.V.E. Engadido) e un prazo de execución de cinco meses .*

***SEGUNDO:** Someter a INFORMACIÓN PÚBLICA O ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN ECONÓMICA E O ANTEPROXECTODE REFORMA E ACONDICIONAMENTO do aparcamento da praza de Portugal polo prazo dun mes contado a partir do día seguinte a súa publicación no B.O.P. para que poidan formularse as alegacións que se teñan por convínte .*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

15.- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA, DE EXECUCIÓN DE OBRAS E DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DE A CASA DO PATÍN. EXPTE. 7566/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Área da Tenencia de Alcaldía, do 5.01.14, conformado polo concelleiro de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 30 de decembro de 2014, acordou adxudicar á empresa XESTIÓN AMBIETNAL DE CONTRATAS SL as obras de rehabilitación de A Casa do Patín, en Bouzas, como equipamento social e cultural, por importe de 385.345,79 euros, IVE incluído.

Sendo preciso o nomeamento da dirección facultativa destas obras, proponse nomear aos técnicos municipais, autores do proxecto, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradas; directora de execución, á técnica municipal Raquel López González e coordinadora de seguridade e saúde á profesional Xiana Alonso Población.

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local o seguinte:

1.- Nomear a David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás como directores facultativos das obras de rehabilitación de A Casa do Patín en Bouzas como equipamento social e cultural e a Raquel López González como directora de execución.

2.- Nomear a Xiana Alonso Población como coordinadora de seguridade e saúde das obras de rehabilitación de A Casa do Patín en Bouzas como equipamento social e cultural.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16.- SELECCIÓN DE PERSOAL TRABALLADOR BENEFICIARIO DE OBRAS NO PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL "VIGO EMPREGA". EXPTE. 11535/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.01.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento local e Emprego, do 19.12.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A concellaría de Emprego, ven promovendo o emprego no municipio, a través de distintos programas de inserción e busca de emprego. Prestando especial atención aos colectivos que teñen maiores dificultades para integrarse laboralmente. Tratando de incidir directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención implementados por esta concellería, entre os que destacamos: as accións de mellora da empregabilidade; mellora a calidade do emprego; promoción dunha maior seguridade no traballo e redución da siniestralidade; fomento do emprendemento, a economía social e a mellora das relacións laborais.

Neste contexto, o Concello de Vigo, continuará no marco do Plan Municipal de Emprego co Programa VIGO EMPREGA, enmarcado nos orzamentos municipais, que permitirá a adquisición de experiencia profesional e formación, de numerosas persoas desempregadas que precisan nestes momentos, unha axuda para reintegrarse ao mercado laboral, no ámbito da construción e máis concretamente, en actuacións que teñen que ver coa realización de obra pública,.

Esta concellaría continuará coa mellora dos aspectos deficitarios detectados en anos anteriores, á vez que racionalizar os seus procedementos e mecanismos de acceso. Este programa está baseado na realización de obras e servizos de interese municipal a través da contratación de persoas desempregadas de Vigo con maior necesidade social. As persoas candidatas prioritariamente pertencen á colectivos con maiores dificultades de inserción sociolaboral.

Para esta nova convocatoria mantense o procedemento de selección da anterior convocatoria, as persoas candidatas a ser seleccionadas serán solicitados as oficinas de Servicio Público de Galicia en Vigo, para que realicen un sondeo e faciliten os candidatos a seleccionar.

As bases de convocatoria que regularán o procedemento de selección para o ano 2015 son as aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 17/12/2014 (Exped.- 11357/77).

No Apartado 3 das BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA "VIGO EMPREGA" establece:

“Os postos de traballo a convocar no Programa VIGO EMPREGA, son os de: peóns, oficiais, capataces e técnicos de apoio, todos eles/as, beneficiarios/as”.

“O número de postos a seleccionar determinarase nos seguintes apartados desta proposta e concretaranse no momento da publicación da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación por Intervención e aprobadas pola Xunta de Goberno Local. Os postos de traballo a convocar no Programa son :

Auxiliar topógrafo	Oficial carpintería de madeira	Oficial fontanería
Delineante	Oficial carpintería metálica	Oficial mecánica do automóbil
Capataz construción	Oficial condutor	Oficial pintura
Oficial albanelería	Oficial condutor-palista	Oficial xardinería-forestal
Oficial cantería	Oficial desinfección	Peóns construción
Oficial carpintería de aluminio	Oficial electricidade	Peóns Xardinería- Forestal

–Coas seguintes características:

4.1- Duración.-

A duración determinada inicial estímase como máximo seis meses e coincidirá coa duración total do programa temporal de emprego de interese social VIGO EMPREGA, na convocatoria correspondente, coas limitacións que se establecen no propio programa de emprego, e en todo caso, as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do E.T., modificado pola Lei 4312006, (disposición adicional cuarta do RD 512006, máximo 24 meses nun período de 30, sexa ou non o mesmo contrato e para o mesmo posto de traballo).

As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do programa VIGO EMPREGA, debendo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.

Establécese un período de proba para as persoas contratadas de 1 mes de duración.

4.2.-Modalidade.-

Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en base á lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita xefatura mailo do Interventor Xeral.

Asimesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego de interese social VIGO EMPREGA para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

4.3.- Retribucións.-

As retribucións serán as establecidas no "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións", que se atope en vigor no momento da contratación.

4.4.- En todo caso, a formalización, modalidade, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitos, aos

informes xurídicos da Xefatura de Servizo de Recursos Humanos, do Interventor Xeral, ás limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 4312006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa como máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, co informe previo á contratación de dito cumprimento, emitido pola xefatura do servizo que corresponda, así coma ao disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ao Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa ás persoas aspirantes.

Conforme establecen as bases de selección, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, determinará e aprobará na convocatoria de selección de beneficiarios/as:

1. Relación de obras a desenvolver polo persoal do programa VIGO EMPREGA:

a) Vías e Obras:

- *Construción de beirarrúas en diferentes estradas da cidade.*

b) Patrimonio Histórico:

- *Obras de mellora e consolidación de elementos patrimoniais no Parque do Castro e Castrelos e noutros espazos da cidade.*

c) Deportes:

- *Canalización de augas no Campo de Fútbol de Sampaio.*
- *Acondicionamento instalacións no Campo de Fútbol do Carballal.*

d) Policía Local:

- *Acondicionamento de locais para uso do persoal da Policía Local,*

e) Limpeza:

- *Acondicionamento de cunetas, muros e valados nos viais e camiños das parroquias de Cabral, Lavadores e Sampaio*

f) Parques e Xardíns:

- *Novas praderías de céspede, resemteira das existentes e prantación zonas arbustivas, vivaceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.*
- *Acondicionamento e reparación de camiños públicos e escaleiras de acceso ao parque de Castro.*
- *Rega automática nos parques de Castro e Castrelos.*

g) Vigo Zoo:

- *Reforma e reparación de muros, espazos interiores e exteriores tanto en instalacións para animais como en espazos para uso do persoal traballador.*

i) Parque Central de Servizos:

- *Reparacións e mellora das camaras e impermeabilización nave Parque Central.*
- *Pintado de instalacións no Parque Central de Servizos.*
- *Mantemento e arranxo de vehículos do programa.*

j) Emprego e Participación Cidadá.

- *Acondicionamento interior nave municipal da Florida.*

k) Desinfección.

- *Apoio a campaña de desratización do casco urbán, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización en barrios e parroquias.*

2. Convocatoria dos seguintes postos a contratar para o desenvolvemento do programa VIGO EMPREGA no 2015.

- a) Peóns beneficiarios/as :
 1. Peóns de Construción. nº de postos a contratar: cincoenta (50).
 2. Peóns de xardinería-forestal. nº de postos a contratar: vinte e oito (28)
- b) Oficiais de oficios beneficiarios/as:
 1. Albaneis - nº de postos a contratar: vinte (20).
 2. Canteiro -nº de postos a contratar: un (1)
 3. Carpinteiro aluminio– nº de postos a contratar: un (1).
 4. Carpinteiro madeira: nº de postos a contratar: un (1)
 5. Carpinteiro metálico- nº de postos a contratar: un (1).
 6. Condutores - nº de postos a contratar: catorce (14).
 7. Palista - nº de postos a contratar: un (1).
 8. Fontaneiro - nº de postos a contratar: un (1).
 9. Electricistas - nº de postos a contratar: dous (2).
 10. Xardineiros/as forestais - nº de postos a contratar: dez (10).
 11. Pintor -nº de postos a contratar: un (1)
 12. Mecánico do automóvil: nº de postos a contratar:dous (2)
 13. Desinfector. nº de postos a contratar: un (1)
- χ) Capataces construción beneficiarios/as:– nº de postos a contratar: catro (4).
- δ) Técnicos de apoio beneficiarios/as:
 1. Delineante. nº de postos a contratar:un (1)
 2. Auxiliar Topografo.nº de postos a contratar: un (1)

3. Selección dos beneficiarios/as.

O Concello de Vigo, solicitará as/os traballadores que correspondan, dacordo coas características recollidas nas bases mediante a presentación de Oferta de Emprego, facendo referencia as características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.

Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello, por iso acordase manter as porcentaxes para a contratación das persoas beneficiarias establecidas nas bases de selección de candidatos ao programa "Vigo Emprega".

Realizarase posteriormente a comprobación do cumprimento de requisitos imprescindibles e baremación das persoas candidatas ao proceso de selección, para finalmente proceder a realización de entrevistas e proba práctica.

Baremación dos expedientes persoais / profesionais (Capataces e oficiais).

Entrevista persoal (máximo 2 puntos)

- Realizaráselles ás persoas candidatas e nela valoraranse os aspectos ocupacionais de adecuación ao programa.
- Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata obteña a calificación de "apto/a". Consideraránse "non apta" as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto. Sen esta calificación de "apto" na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

Proba práctica (máximo 4 puntos).

So accederán a esta fase, as persoas candidatas que teñan superado a fase de entrevista.

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto ofertado. No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarse "Non Apto" e quedará excluída do proceso de selección.

Os custos totais estimados das retribucións do persoal son os reflectidos na seguinte táboa, segundo o establecido no Acordo Marco prorrogado de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do PME 2008-2011, na modalidade de beneficiarios para os/as técnicos de apoio, capataces, oficiais de oficios e peóns:

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2015											
Posto	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	ANO 2015
1	Auxiliar topógrafo	728,80	121,47	850,27	850,27	84/a	32,10	272,94	1.123,21	1.123,21	6.739,24 €
1	Delineante	728,80	121,47	850,27	850,27	84/a	32,10	272,94	1.123,20	1.123,20	6.739,21 €
4	Capataz-Construción	745,24	124,21	869,45	869,45	84/d	38,10	331,26	1.200,71	4.802,84	28.817,02 €
20	Oficial albanel	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	23.484,30	140.905,81 €
2	Oficial electricista	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	2.348,43	14.090,58 €
1	Oficial fontaneiro	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	1.174,22	7.045,29 €
1	Of. Carpintería aluminio	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	1.174,22	7.045,29 €
1	Oficial Carpintería metálica	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	1.174,22	7.045,29 €
1	Of. conducción-Palista	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	1.174,22	7.045,29 €
1	Of. Desinfección	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	1.174,22	7.045,29 €
1	Of. Carpintería madeira	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	1.174,22	7.045,29 €
1	Of. Pintor	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	1.174,22	7.045,29 €
2	Of. mecánica automoción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	2.348,43	14.090,58 €
10	Of. xardinaria	728,80	121,47	850,26	850,26	84/g	35,00	297,59	1.147,86	11.478,57	68.871,41 €
14	Of. conducción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/f	38,10	323,95	1.174,22	16.439,01	98.634,06 €
1	Of. canteiro	728,80	121,47	850,26	850,26	84/f	38,10	323,95	1.174,22	1.174,22	7.045,29 €
28	Peón Xardinaria-Forestal	694,10	115,68	809,79	809,79	84/d	38,10	308,53	1.118,31	31.312,79	187.876,75 €
50	Peón construción	694,10	115,68	809,79	809,79	84/d	38,10	308,53	1.118,31	55.915,70	335.494,20 €

O prazo previsto de contratación será a partir do 01 de febreiro de 2015, polo que o custo total de 958.621,19 € para o ano 2015, dende o 01 de febreiro ata o 31 de xullo de 2015. Estes custos aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2015:

- 2410 1310000 "Plan de Emprego Municipal:
 - Orzamento 2015 695.738,50 €
- 2410 16000001 "Seguridade Social Emprego:
 - Orzamento 2015 262.882,69 €

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a necesidade de realizar a convocatoria de contratación de peóns, oficiais e capataces beneficiarios/as, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar a convocatoria de contratación dos seguintes postos para o programa de inserción laboral "VIGO EMPREGA" 2014:

- a) 1- Delineante beneficiario/a.
- b) 1- Auxiliar Topógrafo beneficiario/a
- c) 4- Capataces construción beneficiarios/as
- d) Oficiais beneficiarios/as:
 - 20- Oficiais Albanel.

- 1- Oficial Carpinteiro Aluminio.
- 1- Oficial Carpinteiro Metálico
- 1- Oficial Carpinteiro de madeira
- 14- Oficiais Condutores.
- 1- Oficial Palista.
- 1- Oficial Fontaneiro.
- 2- Oficiais Electricístas.
- 10- Oficiais Xardineiros/Forestais.
- 1- Oficial Pintor.
- 1- Oficial Desinfector.
- 1- Oficial Canteiro
- 2- Oficiais Mecánicos automoción

e) Peóns beneficiarios/as:

- 28- Peóns Xardinería-Forestal
- 50- Peóns de Construción.

2. Establecer os puntos das Bases de Selección das de persoas candidatas:

- Punto 8 en canto a distribución dos postos de peón a contratar que permita cando menos a presenza de:

COLECTIVOS	Nº
3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo	3
30% menores de 30 anos dos que ao menos o 50% en busca 1º emprego.	23
30% mulleres.	23
19% persoas maiores de 45 anos.	15
18% persoas paradas de longa duración.	14
TOTAL PEÓNS	

- Persoas candidatas a peón que non perciban ningunha renda ou subsidio de desemprego, 1 punto. Persoas candidatas a Oficia ou Capataz que non perciban ningunha renda 0,5 puntos.
3. Realizar a solicitude de persoas candidatas as Oficinas do Servicio Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para os distintos postos para pasar ao procedemento de selección:
- a) Peóns: Comprobación do cumprimento dos requisitos imprescindibles establecidos no punto 6 das bases de selección.
 - b) Oficiais e Capataces e técnicos: Valoración dos candidatos segundo criterios de experiencia laboral formación e outros meritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver.
4. Autorizar a realización de entrevista e proba práctica relacionada co oficio e posto aos Capataces, oficiais e peóns beneficiarios/as.
5. Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa, que deseguido se relacionan:

- a) *Vías e Obras:*
 - *Construción de beirarrúas en diferentes estradas da cidade.*
- b) *Patrimonio Histórico:*
 - *Obras de mellora e consolidación de elementos patrimoniais no Parque do Castro e Castrelos e noutros espazos da cidade.*
- c) *Deportes:*
 - *Canalización de augas no Campo de Fútbol de Sampaio.*
 - *Acondicionamento instalacións no Campo de Fútbol do Carballal.*
- d) *Policia Local:*
 - *Acondicionamento de locais para uso do persoal da Policía Local,*
- e) *Limpeza:*
 - *Acondicionamento de cunetas, muros e valados nos viais e camiños das parroquias de Cabral, Lavadores e Sampaio*
- f) *Parques e Xardíns:*
 - *Novas praderías de céspede, resementeira das existentes e prantación zonas arbustivas, vivaceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.*
 - *Acondicionamento e reparación de camiños públicos e escaleiras de acceso ao parque de Castro.*
 - *Rega automática nos parques de Castro e Castrelos.*
- g) *Vigo Zoo:*
 - *Reforma e reparación de muros, espazos interiores e exteriores tanto en instalacións para animais como en espazos para uso do persoal traballador.*
- i) *Parque Central de Servizos:*
 - *Reparacións e mellora das camaras e impermeabilización nave Parque Central.*
 - *Pintado de instalacións no Parque Central de Servizos.*
 - *Mantemento e arranxo de vehículos do programa.*
- j) *Emprego e Participación Cidadá.*
 - *Acondicionamento interior nave municipal da Florida.*
- k) *Desinfección.*
 - *Apoio a campaña de desratización do casco urbán, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización en barrios e parroquias.*

6. *Aprobar o gasto total de 958.621,19 €, do vixente orzamento municipal correspondente ao ano 2015:*

- *2410 1310000 "Plan de Emprego Municipal:*
 - *Orzamento 2015 695.738,50 €*
- *2410 16000001 "Seguridade Social Emprego:*
 - *Orzamento 2015 262.882,69 €*

7. *Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado o nomeamento dos membros da Comisión de Selección das categorías profesionais propostas.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.